

CONVENIO ENTRE A CÁMARA DE COMERCIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O ANO 2022.

Dunha parte, D. José Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Santiago de Compostela.

Doutra, D. José Sierra Fernández que actúa en nome e representación de Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de Santiago de Compostela (en diante Cámara de Comercio Santiago), con CIF Q-1573004 G, e con domicilio en Polígono de Costa Vella. Rúa República Checa 40, 15707 Santiago de Compostela, cargo para o que foi nomeado en sesión do Pleno celebrado o 16 de abril de 2018, de acordo co artigo 12 da Lei 4/2014, de 1 de abril, Básica das Cámaras Oficiais de Comercio, Industria, Servizos e Navegación e o punto 1 do artigo 19 da Lei 5/2004, de 8 de xullo, de Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia, polo cal ostenta a representación da Cámara, a presidencia de todos os seus órganos colexiados e é responsable da execución dos seus acordos.

Ambas as dúas partes no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto

EXPOÑEN

- I. Que o presente convenio regularase polo disposto na Lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, “Xeral de Subvencións” e RD 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, e polo definido na Lei 9/2007 do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.
- II. Que o Concello de Santiago de Compostela leva colaborando coa Cámara de Comercio de Santiago de Compostela apoiando a creación de empresas e o auto emprego a través de programas de formación, fomento da cultura emprendedora e apoio á mellora empresarial dende a creación no ano 2004, da Oficina de Promoción Económica municipal existindo ademais esta liña de traballo e actividade con anterioridade a esa data no marco das accións da extinta Axencia de Desenvolvemento Local.

Segundo o establecido no artigo 3 puntos a) e b) da Lei 5/2014 do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local non se entenderá como exercicio de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos nin a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores; polo tanto a continuidade destas liñas de axudas ao establecemento da actividade empresarial non poden ser consideradas exercicio de novas competencias.

A aportación propia precisa para a execución das actividades realízanse con fondos propios do Concello de Santiago de Compostela non comprometendo a sustentabilidade financeira do Concello de Santiago e non supoñendo ademais unha reiteración ou duplicidade sobre as actividades realizadas pola Xunta de Galicia.

- III. Que son os convenios o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente, segundo se establece especificamente nos artigos 47.2.c e 48.7 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público, no artigo 28 da lei 38/2003 Xeral de subvencións e no artigo 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, así como, de forma específica no artigo 31.10 das Bases de execución do orzamento municipal.
- Iç. Que o Concello de Santiago para levar a cabo a colaboración coa Cámara de Comercio obxecto deste convenio, estará ao previsto nas Bases de Execución de Orzamento do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2022, que de acordo co seu artigo 33 achegará a cantidade de setenta e cinco mil euros- 75.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 010 43300 4890002.

E, polo que as partes

MANIFESTAN

- I. Que a Cámara de Comercio de Santiago é una Corporación de Dereito Público, con personalidade xurídica e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, destacándose, entre algunhas das súas funcións de carácter público administrativo, a representación, promoción e defensa dos intereses xerais do comercio, a industria, os servizos e a navegación, así como a difusión e importación de formación non regulada referente á empresa.
- II. Que o Concello de Santiago de Compostela ten como un dos seus obxectivos, o fomento do emprego no termo municipal a través da realización de diferentes accións encamiñadas á formación e o desenvolvemento laboral, que permitan alcanzar, un desenvolvemento sostible da rexión.
- III. Que na situación de paralización da actividade económica provocada polo Decreto 463/2020 polo que se declarou o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, foi preciso establecer mecanismos nos que, de xeito coordinado se articule o proceso de reactivación económica da actividade local aprobándose con data 13 de xuño de 2022 o programa Compostela Móvese 2022 no que se recolle como obxectivo **“Impulsar medidas de reactivación económica a curto, medio e longo prazo nun espazo de concertación cos axentes económicos da cidade, que permita aos mesmos afrontar con información fiable e medidas útiles de consenso o novo espazo económico que se abre trala crise económica derivada da emerxencia sanitaria provocada polo COVID19.** No marco deste programa apróbase que “3. No marco do Convenio coa Cámara de Comercio de Santiago de Compostela continuarase a ofrecer de xeito coordinado información e recursos para o acceso das empresas de Compostela as liñas de axudas autonómicas,

estatais e europeas de interese empresarial. Continuarase tamén no marco deste convenio coas actividades de formación especializada para o emprendemento e a mellora empresarial”

- IV. Que é interese das institucións comparecentes, fomentar e impulsar as actividades de información, formación e mellora da competitividade empresarial que axuden a instalar no territorio os valores asociados ao espírito emprendedor e á mellora empresarial coa fin de adaptarse ás ferramentas claves e básicas no proceso de harmonización social que permita alcanzar un desenvolvemento sostible.
- V. Que a Cámara de Comercio de Santiago, dispón de competencia, metodoloxía, equipo técnico e materiais necesarios para desenvolver no marco das súas actividades e dar resposta, ás necesidades formativas e informativas de persoas emprendedoras e empresariado local na busca da súa mellora empresarial e competencial o que incide directamente no fomento e apoio do espírito emprendedor, base sobre a que asentar as futuras iniciativas empresariais e a consolidación do tecido empresarial.
- VI. Que o Concello de Santiago considera importante establecer acordos de colaboración coa mencionada entidade co fin de garantir a prestación dos seus servizos a toda a cidadanía do Concello de Santiago, considerando que é positivo para a promoción da actividade empresarial na cidade, así como, de formación e divulgación do espírito emprendedor entre a cidadanía. En consecuencia,

CONVEÑEN

1º.- É obxecto deste convenio subvencionar parte dos gastos necesarios para que a Cámara de Comercio de Santiago de Compostela continúe a prestar durante o ano 2022 os seguintes servizos:

A) Servizos de información, asesoramento e titorización de proxectos empresariais.

Número aproximado de demandas de información, asesoramento e titorización atendidas:
250

O obxectivo xeral é contribuír á posta en marcha de novas actividades empresariais, incidindo de modo especial na súa sustentabilidade e competitividade ao longo do tempo.

As actuacións a desenvolver pola Cámara centraranse nas seguintes fases:

Fase I: Decisión de emprender e xestión de idea

Fase II: Desenvolvemento da idea e creación da empresa

Fase III: Consolidación

Fase IV: Transmisión/cese

Para elo desenvolveranse accións de divulgación, formación, asesoramento, apoio á tramitación e seguimento dos proxectos empresariais.

B) Servizos de fomento do espírito emprendedor no eido educativo.

Número aproximado de participantes previstos: 100 alumnos e alumnas

Trátase dun programa de actividades consistente en visitas guiadas ao viveiro de empresas e/ou a realización de xornadas divulgativas, especialmente dirixido aos centros de ensino secundario, bacharelato, ciclos formativos e universitarios de Santiago, coa finalidade de:

- Promover o desenvolvemento das calidades persoais relacionadas co espírito emprendedor, tales como a creatividade, a iniciativa, a asunción de riscos e a responsabilidade.
- Achegar un coñecemento temperán do mundo empresarial e axudar a entender o papel do colectivo empresarial na comunidade.
- Fomentar as iniciativas emprendedoras desde o ámbito educativo.
- Fomentar os valores empresariais e informar, sensibilizar e transmitir a opción do auto emprego como unha alternativa digna e viable.
- Concienciar acerca do emprego por conta propia como posible opción profesional.
- Contribuír a unha percepción aberta da economía, nun contexto de apertura crecente nos mercados e de expansión tecnolóxica que impulsa esa apertura.
- Poñer en contacto a novos estudantes con emprendedores e/ou empresarios situados no Viveiro.

C) Itinerarios personalizados de Emprendemento Xuvenil:

- a. Programa Marketing Dixital e emprendemento
- b. Programa de emprendemento en aplicacións de Intelixencia Artificial
- c. Programa Drons e Emprendemento

Número aproximado de participantes previsto: 75 alumnos e alumnas

Este programa enmárcanse dentro do Programa Operativo de Emprego Xuvenil (POEJ) **“Constrúe o teu futuro: programas personalizados para emprendemento xuvenil;** estando cofinanciados polo FSE .

O seu obxectivo principal, é contribuír á inserción no mercado de traballo de **mozos e mozas menores de 30 anos**, inscritos no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil -que nin estudan nin traballan-, a través do emprendemento. Pero, mesmo cando non poñen en marcha a súa propia empresa, a experiencia repórtalles coñecementos e habilidades empresariais esenciais como a creatividade, iniciativa, tenacidade, traballo en equipo, xestión do risco e sentido da responsabilidade. Calidades valoradas no mundo profesional e que, por tanto, incrementan a súa empregabilidade.

As actividades previstas teñen os seguintes obxectivos específicos:

- Asesorar de forma individualizada a cada un dos participantes, tanto aos que son actualmente empresarios/as como aos potenciais emprendedores, sobre as oportunidades no seu respectivo sector de actividade e no desenvolvemento dun plan de negocio.

- Manexar os instrumentos empresariais necesarios para deseñar e dirixir proxectos de dixitalización con obxectivos estratéxicos definidos.
- Contribuír á viabilidade e sustentabilidade das novas empresas
- Coñecer as bases xurídicas e administrativas nos diferentes campos de actuación.
- Elaboración e presentación do Business Plan dun proxecto empresarial, no que se recollan todas as áreas de actividade empresarial tratadas nos diferentes módulos.

Este programa terá unha duración de 7 semanas consecutivas (6 semanas presenciais mais unha de traballo de campo). Cada semana, que se corresponderá con un módulo de contenidos específico, estará distribuída da seguinte forma:

- 6 horas de formación conxunta, que se impartirán en dúas clases de 3 horas cada unha.
- 30 horas de consultaría individual (aproximadamente unha hora por alumno/a) distribuídas no resto da semana.

α. Sesións de formación conxunta

Nestas sesións conxuntas impartiranse os contidos xerais do programa, co fin de proporcionar os coñecementos, ferramentas e habilidades esenciais en cada unha das áreas de coñecemento e promover as sinerxías e intercambios de experiencia entre os participantes no mesmo.

β. Acompañamento e consultaría individualizada

Coa idea de outorgar a maior flexibilidade e adaptación a cada un dos alumnos/as participantes, desenvolveranse actuacións de seguimento individualizado nas que se orientará a cada un en función do seu perfil profesional e da actividade de cada empresa, no proceso de aplicación e implementación dos contidos xerais abordados ás sesións conxuntas de formación.

χ. Mentoring e seguimento

En cada curso presencial resérvase un paquete de entre 50 e 100 horas de acompañamento para o grupo, a distribuír entre aqueles participantes máis avanzados na creación do seu negocio.

D)Servizos de asesoramento en materia de internacionalización.

Número aproximado de demandas de asesoramento previstas: 630

1) DIAGNÓSTICO DE INTERNACIONALIZACIÓN DA EMPRESA:

Finalidade: O obxectivo deste servizo é facilitar ás empresas unha recomendación sobre as súas posibilidades de internacionalizarse, así como a elaboración dun Plan de acción a curto prazo que conteña tanto as accións para emprender individualmente pola empresa como unha análise dos distintos programas e axudas das diferentes institucións a que pode acollerse.

Contido: Ao final do servizo, a empresa dispoñerá dun informe no que se recollerán unha serie de recomendacións, unha valoración do potencial de internacionalización da empresa e unha serie de conclusións sobre este aspecto. En concreto detallaranse:

- Áreas de mellora da empresa para abordar con garantía suficiente a súa internacionalización.
- Indicacións xerais sobre selección de produtos ou servizos a internacionalizar do seu portafolio.
- Indicacións xerais sobre zonas económicas e xeográficas máis aptas para a internacionalización dos seus produtos e servizos.
- Canles de distribución a estudar para a introdución dos seus produtos e servizos.
- Estudo da cadea de valor da empresa para a súa internacionalización
- Recomendacións sobre os posibles itinerarios de internacionalización da empresa.
- Plan de acción proposto e prazos de execución.
- Selección das axudas ou programas de apoio institucionais máis adecuados para a súa empresa no ámbito da internacionalización.

2) ASESORÍA SOBRE TEMAS PUNTUAIS DE INTERNACIONALIZACIÓN:

Finalidade: Dar unha resposta rápida (24 horas) a cuestións puntuais e básicas sobre operacións de comercio exterior (Exportación/Importación) nos que a empresa teña dúbidas ou falta de información.

Contido: Aínda sendo moi variada a temática, a asesoría versa fundamentalmente sobre:

- Documentación sobre operacións de Comercio Exterior
- Aranceis e documentos aduaneiros
- Fiscalidade
- Medios de pago máis habituais
- Aseguramento das operacións
- A intermediación comercial
- Contratación internacional
- Incoterms
- Transporte internacional
- Feiras e Misións Comerciais
- Axudas institucionais para a promoción e investimento no exterior.

3) CONSULTORÍA DE INTERNACIONALIZACIÓN:

Finalidade: Facilitar á empresa un asesoramento profundo e detallado sobre cuestións de gran alcance na súa estratexia de internacionalización.

Contido: Sen ser un contido exclusivo, a temática podería versar sobre:

- Priorización de mercados elixidos en función de múltiples variables estratéxicas a definir coa empresa.
- Selección ponderado dun segmento de mercado e canle de distribución máis adecuado para o mercado destino elixido. Selección dos operadores máis destacados na devandito canle.
- Redacción de contratos internacionais de Compra Venda, axencia comercial, de distribución etc.
- Estudo sobre Investimentos no exterior e constitución de sociedades
- Homologacións de produto
- Réxime e mobilidade laboral no estranxeiro
- Rexistro de dereitos de propiedade industrial e intelectual no estranxeiro
- Procedementos xudiciais/arbitrais no estranxeiro
- Prevención de riscos laborais internacionais

E) Servizos de apoio a autónomos e empresas na búsqueda de financiamento

Número aproximado de demandas de asesoramento previstas: 100

1. INFORMACIÓN E CONSULTORÍA:

Finalidade: Proporcionar a pemes e autónomos asesoramento ad hoc para que poidan acceder ás liñas de financiamento mais adecuadas ás características do seu proxecto empresarial e ás necesidades que se pretendan cubrir, garantindo que se atendan as necesidades de financiamento de todas as empresas e que isto se faga nas mellores condicións económicas e de axilidade de prazos de tramitación.

Contido: información xeral sobre as liñas de financiamento vixentes, instrumentos de créditos articulados desde o Goberno e demais organismos e administracións e desde entidades financeiras.

Actividades a desenvolver:

- Información xeral sobre préstamos ICO e demais instrumentos financeiros, que son, a quen van dirixidos, que exclúen e inclúen
- Entidades financeiras vinculadas, obrigadas destas para conceder estes préstamos
- Garantías do cumprimento da normativa
- Vixencia das liñas de financiamento
- Prazos de solicitudes e prazos de respostas

2. ASESORAMIENTO PERSONALIZADO:

Finalidade: facilitar á empresa asesoramento personalizado unha vez definidas as súas necesidades concretas remitíndolles ás liñas de axudas máis adecuadas ás súas necesidades particulares.

A Cámara actúa como interlocutor eficaz en relacións empresa/autónomo e entidades financeiras:

- Tipos de apoios
- Beneficiarios potenciais
- Sectores incentivables
- Requisitos dos proxectos
- Contía de axúdalas
- Tipo de interese
- Prazo de presentación das solicitudes
- Información sobre as entidades financeiras adheridas
- Contacto empresa-entidade financeira
- Axuda ao empresario no proceso previo á solicitude
- Seguimento das operacións

3. CONSULTORIAS CONXUNTAS:

Finalidade: dar resposta a inquietudes comúns á maioría das empresas. Para iso, a Cámara desenvolverá sesións online coas diferentes entidades financeiras, de forma independente, para que os interesados poidan formularlles as súas inquietudes de forma directa, vía chat activado na sesión online para tal fin. As entidades financeiras poderán á súa vez explicar de forma precisa as súas condicións, protocolos, prazos e importes, ademais de achegar os seus servizos de forma directa. Con esta vía de comunicación fomentamos a transparencia e a proximidade neste tipo de procesos.

Actuacións a desenvolver:

- Programación e coordinación de sesións online coas diferentes entidades financeiras
- Difusión en medios e RRSS das sesións programadas
- Captación de usuarios interesados
- Disposición de ferramentas para Webinar ao dispor do usuario e da entidade financeira
- Difusión posterior de resultados e conclusións por cada intervención realizada.

2º.- A Cámara de Comercio presenta para que forme parte deste convenio a seguinte documentación:

2.1.- Certificación da Cámara de Comercio asinada polo Secretario co visto e praxe do Presidente, do orzamento xeral de gastos e ingresos aprobados para o ano 2022 da entidade.

2.3.- Certificación da Cámara de Comercio asinada polo Secretario co visto e praxe do Presidente, do orzamento xeral de gastos e ingresos previstos para o ano 2022 obxecto de subvención.

2.4.- Certificacións oficiais de estar ao corrente nos pagos coa Seguridade Social e coa Axencia Estatal da Administración Tributaria e co Concello de Santiago.

2.5.- Certificación oficial de estar ao corrente coa facenda da Comunidade Autónoma.

2.6. Declaración xurada do Presidente de non estar incurso, a entidade que representa, nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria da subvención establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

2.7.- Copia compulsada do CIF da Entidade.

2.8.- Impreso selado pola entidade bancaria que corresponda, no que figure a Cámara de Comercio como titular e o seu número de conta, BIC e IBAN.

3º.- O Concello de Santiago comprométese a subvencionar no ano 2022 á Cámara de Comercio de Santiago de Compostela coa cantidade de 75.000,00-EUROS con cargo á aplicación orzamentaria 010 43300 4890002 dos orzamentos municipais para o ano 2022, destinados a colaborar no financiamento do gasto que supón a prestación dos servizos reseñados no punto 1º deste convenio.

3.1.- Estes 75.000,00-€, a efectos de xustificación estarán destinados a financiar os seguintes conceptos de gastos que figuran no seu orzamento, todos eles correspondentes ao ano 2022:

CONCEPTO	IMPORTE
----------	---------

Gastos de persoal relativo ao desenvolvemento das actividades de información, asesoramento e titorización de proxectos empresariais; fomento do espírito emprendedor, asesoramento en materia de internacionalización, asesoramento, consultaría ad hoc e formación en materia de búsqueda de financiamento para autónomos e empresas e tarefas asociadas á emisión do selo “Comercio de confianza”.	68.150,00 €
Gastos de comunicación	6.050,00 €
Gastos de docencia webinar e mantemento plataforma	800,00 €
Total do orzamento por estes conceptos:	75.000,00 €

O importe exacto das distintas partidas pode variar en función das distintas contratacións precisas para o desenvolvemento das actividades. De non ser posible a xustificación da totalidade do orzamentos dunha liña por este motivo, admitirase a xustificación do resto con cargo ao resto de actividades descritas neste convenio.

A contribución municipal manterase sempre e cando, en concorrencia con outras axudas públicas ou privadas para o mesmo fin, non se supere o orzamento total de gastos presentado pola Cámara de Comercio de Santiago de Compostela para o ano 2022.

4º.- A Cámara de Comercio de Santiago de Compostela comprométese, en virtude deste convenio a publicitar a colaboración do Concello de Santiago, na súa páxina web e en toda a documentación xerada como memorias de actividades, nota de prensas, convocatorias de programas, publicidade dos servizos, referentes aos servizos enunciados no punto 1º do convenio.

5º.- O pago efectuarase nun único prazo previa xustificación dos gastos realizados e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención. Procederá a minoración do importe cando o orzamento executado teña un custe inferior ao inicialmente previsto, e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente da actuación subvencionada.. O prazo de xustificación rematará o 10 de novembro de 2022.

Para facer efectivo o pago é condición necesaria que a CÁMARA DE COMERCIO de Compostela presente no Rexistro Municipal do Concello de Santiago, como data límite a indicada no parágrafo anterior, a seguinte documentación para a xustificación do convenio:

5.1.- Declaración responsable asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da Entidade na que se indique, baixo a súa responsabilidade ter cumprido o obxecto do presente convenio (ANEXO I).

5.2.- Unha memoria das actividades realizadas no proxecto (ANEXO II). Deberá xuntar á memoria unha reportaxe fotográfica e/ou audiovisual que reflecta o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra dos medios de difusión utilizados. Ademais indicarse as páxinas web e/ou redes sociais utilizadas para a súa difusión pública, e de ser o caso, referencia das aparicións do

proxecto nos medios de comunicación social. En caso de que se elabore e/ou reparta algún tipo de material financiado con este convenio, deberá obter o visto bo do Concello de Santiago, tanto o deseño e contido como os criterios de reparto, e, posteriormente, deberá facerse entrega de polo menos dous exemplares ao Concello de Santiago.

5.3.- Relación detallada de todas as subvencións ou axudas solicitadas, concedidas ou percibidas doutros axentes, outras administracións, entes públicos ou privados para a mesma finalidade, que se acreditará mediante Declaración responsable, asinada pola persoa representante legal da entidade (ANEXO I). No suposto que as actividades fosen financiadas, ademais de por este convenio, con fondos propios, outras subvencións ou recursos, deberá detallarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas consonte co ANEXO III. En ningún caso a contía da subvención só ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, poderá superar a totalidade do custo da actividade/programa subvencionada ao albor deste convenio.

5.4.- Relación detalla das facturas (na que deberá constar concepto, número de factura, data de expedición, data de pagamento, provedor e ordénante) ou documentos xustificativos que se presentan para a xustificación asinada pola/o titular ou pola/ representante legal da entidade segundo o ANEXO III, desagregadas por conceptos segundo o orzamento presentado pola entidade.

5.5.-Declaración da relación de nóminas/retribucións das persoas destinadas a desenvolver a actividade/programa subvencionado (ANEXO III)

5.6.- declaración responsable sobre publicidade respecto do carácter público do financiamento do programa/actividade (ANEXO IV)

5.7.- No momento da xustificación deberase acreditar que a entidade está ao corrente nos pagos coa Seguridade Social, Axencia Estatal da Administración Tributaria, facenda da Comunidade Autónoma e o propio Concello de Santiago mediante certificacións das administracións correspondentes.

5.8.- A xustificación documental dos gastos imputados á subvención, realizarase por algunha das seguintes formas:

1.- Facturas oficiais que se correspondan cos conceptos de gastos que figuran no apartado oitavo do presente convenio, todas elas referidas ao ano 2022, debendo acreditarse o seu pagamento, , mediante xustificantes bancarios con anterioridade a data límite de xustificación.

As facturas deberán reunir, en todo caso, os requisitos previstos no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, modificado polo Real Decreto 828/2013, do 25 de outubro e, no seu caso, coas particularidades previstas no artigo 20 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre o valor engadido, respecto das exencións en operacións interiores. Concretamente: número de factura, data de expedición, obxecto do pagamento, a identificación da persoa pagadora e da destinataria do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emite a factura número de identificación fiscal do que expide a factura, e o domicilio de ambos. No caso de que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas, deberán identificarse no documento de pagamento das factura das é obxecto.

As facturas relacionaranse detalladamente segundo o ANEXO III, desagregadas por conceptos consonte ao orzamento presentado pola entidade de acordo coa solicitude.

2.- No caso de imputarse á subvención gastos de persoal, deberá achegarse:

- -Nóminas de dito persoal traballador e xustificante do seu pagamento mediante transferencia bancaria que deberá indicar nome da persoa, data de pagamento, o mes que se corresponde co dito pagamento, así como o concepto e o ordenante do pago.
 - Seguros sociais e xustificante do seu pagamento-
 - Retención á conta do IRPF e xustificante do seu pagamento por parte da entidade beneficiaria
 - Certificado da empresa no que se acrediten os custes de seguridade social e de empresa asinado pola persoa titular ou pola persoa representante legal da entidade. En todo caso deberá acreditarme mediante declaración responsable de dita persoa, que o persoal obxecto de subvención está destinado a desenvolver o programa.
- A XUSTIFICACIÓN DO PAGAMENTO DOS GASTOS IMPUTADOS, realizaranse dalgunha das seguintes formas:
- Preferentemente mediante transferencia bancaria, a través de copia do resguardo do cargo da mesma; e conterá, en todo caso, a data de transferencia, importe, concepto, número de factura, ordenante e provedor/a
 - Cheque. Ademais da copia asinada, xustificante mediante copia de certificado bancario que deberá indicar a data do cargo en conta, número, destinatario e a entidade emisora.
 - Para o caso de pagamentos realizados mediante tarxeta de crédito/débito, deberá achegarse a acreditación da titularidade da mesma, que deberá estar asociada á conta bancaria da entidade.
- A contía a xustificar será polo importe total dos gastos realizados á data de presentación da xustificación do convenio e polos conceptos sinalados na cláusula 3ª.

A entidade aterase á presentación da memoria e dos anexos que forman parte deste Convenio. Estes non conterán ningunha epígrafe ou parágrafo manuscrita, agás da sinatura, no seu formato orixinal sen emendas nin riscadas, que darían lugar á inadmisión da documentación.

A presentación realizarase electrónicamente, na sede do Concello de Santiago, dirixindo a documentación de xeito claro á Unidade Orgánica PROMOCIÓN ECONÓMICA (C03.01.03) Ademais a entidade deberá remitir, pola vía telemática, os anexos do Convenio debidamente cumprimentados; deberá ser en formato de texto editable WORD (.doc ou .docx.) ao correo electrónico: cersia@santiagodecompostela.gal.

6º.- O prazo de vixencia deste convenio establécese dende o momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022. Serán subvencionables os gastos executados e efectivamente pagados entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 10 de novembro de 2022.

7º .- O incumprimento das obrigas que se impoñen ao interesado levará consigo a restitución dos importes dos pagos da subvención que en cada caso se tivese efectuado.

8º.- Polo Concello poderá esixirse, aparte das condicións establecidas neste convenio, as fórmulas de xustificación de cumprimento de obrigacións que se estimen convenientes.

9º.- Con respecto aos libros e rexistros contables que deba levar a CÁMARA DE COMERCIO , así como para reintegro de fondos, en caso de incumprimento e demais medidas de control e inspección, estarase ao disposto na lei 38/2003 de subvencións e demais lexislación que no seu caso sexa de aplicación.

10º.- O importe da subvención especificada neste convenio, cando proceda o pago do mesmo, deberá ser ingresado no número de conta da CÁMARA DE COMERCIO indicado na certificación bancaria aportada pola entidade.

11º As actuacións en materia de cesión de datos de carácter persoal axustaranse ao disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e no Regulamento(UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e ao Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos.

12º Son causas de resolución deste convenio, de acordo coa lexislación vixente, o incumprimento de calquera cláusula establecida no mesmo, e concretamente:

- a) Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- b) Incumprimento das cláusulas establecidas no convenio específico de colaboración.
- c) Mutuo acordo entre as partes.
- d) O vencemento do seu prazo.

13º O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa e está expresamente excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, segundo o sinalado no seu art. 6 sen prexuízo da súa posible aplicación con carácter supletorio.

Para a interpretación de cantas dúbidas xurdan na aplicación do convenio créase unha comisión mixta, que estará integrada polas persoas que sexan designadas para o efecto por parte das dúas institucións (persoal técnico do CX34 Promoción Económica e da Entidade). Esta comisión velará polo cumprimento dos obxectivos fixados.

Non obstante o anterior, as cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre este convenio, respecto da vixilancia e control, interpretación, resolución e efectos do mesmo, serán resoltas en última instancia administrativa pola Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa e contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, segundo establece o artigo 46.4 da Lei 29/1998, reguladora desta xurisdición. Para este efecto, será competente o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela

Santiago de Compostela, na data indicada nas sinaturas dixitais

Santiago de Compostela, ___ de ___ 2022

Polo CONCELLO DE SANTIAGO

Pola Cámara de Comercio de Santiago de
Compostela

Asdo.: Xosé Sánchez Bugallo

Asdo.: José Sierra Fernández

ALCALDE

PRESIDENTE

ANEXO I DECLARACIÓN RESPONSABLE

DATOS DA ENTIDADE NOME OU RAZÓN SOCIAL

NIF

LOCALIDADE

CORREO ELECTRÓNICO

ENDEREZO

TELÉFONO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN NOME E APELIDOS

NIF

EN CALIDADE DE

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE,

**1. Que a Entidade/Asociación
asinado co Concello de Santiago no ano 2022,
da Actividade/Programa/Proxecto
cláusulas contidas no mesmo.**

**ten cumprido co obxecto do convenio
para o desenvolvemento
, de conformidade coas**

2. Que todos os datos contidos nesta declaración son certos.
3. Que esta Entidade cumpre con todos os requisitos para obter a condición de beneficiaria dunha subvención e, polo tanto, non está incurso en ningunha das circunstancias de prohibición á que se refire a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e, o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, pola que se aproba o seu regulamento e da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. Esta Entidade está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á seguridade social, e non ten pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da comunidade autónoma, nin co Concello de Santiago de Compostela.

E a tal efecto, **Presento:**

- Certificado de Situación de cotización da Tesourería xeral da Seguridade Social.**

Certificado da Delegación Especial de Galicia da Axencia Tributaria.

Certificado da Axencia Tributaria de Galicia da Consellería de Facenda.

Certificado da Tesourería do Excmo. Concello de Santiago de Compostela.

5. A Entidade está de acordo coas actuacións de control e supervisión da subvención que se leven a cabo por parte do órgano concedente.

6. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas esta Entidade:

Non ten solicitada nin concedida ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención.

Ten solicitadas e/ou concedidas outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta subvención doutras administracións públicas competentes, entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, que son os que a continuación se relacionan:

ORGANISMO/S	S/C/P (1)	IMPORTE€ (2)	% (3)	DISPOSICIÓN REGULADORA (4)

(1) Indíquese o que corresponda S (solicitada), C (concedida), P (percibida) (2) Importe total da axuda solicitada/concedida/percibida procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

(3) Porcentaxe de axuda sobre o custe total.

(4) Indíquese nome da Administración/Entidade pública concedente e data da resolución.

En cumprimento do disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos persoais recollidos na presente Declaración e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ao Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2022, Bases de Execución do Orzamento para o ano 2022. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE número 276, do 18 de novembro); o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento (BOE número 176, do 25 de xullo); e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG número 121, do 25 de xuño); e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

ANEXO II
MEMORIA DO PROXECTO/PROGRAMA
(Deberá redactarse seguindo estritamente este modelo)

NOME DA ASOCIACIÓN, FUNDACIÓN, ENTIDADE OU FEDERACIÓN NIF DENOMINACIÓN DO PROXECTO
--

Descrición do proxecto con referencia aos aspectos máis salientables na súa execución (Máximo 15 liñas)

--

Obxectivos e prioridades. Explicarase cal ou cales foron os obxectivos xerais e específicos acadados (Máximo 15 liñas)

--

Persoas destinatarias. Explicarase a quen se dirixiu o proxecto establecendo dous apartados: persoas inmigrantes e persoas retornadas, o seu numero, idades, sexo e país de procedencia.

--

Persoas encargadas de desenvolver o proxecto. Detallarase o equipo que levou a cabo as actividades e as funcións de cada persoa membro do equipo e as tarefas necesarias que se desenvolveron para a súa execución.

Nome e apelidos	Funcións levadas a cabo no proxecto	Actividades en que participou	Tarefas que desenvolveu nas devanditas actividades

Explicar o impacto que tivo na comunidade destinataria do proxecto, así como o efecto multiplicador e o seguimento (Máximo 15 liñas)

Recursos humanos e materiais implicados na organización do proxecto.

Avaliación dos resultados, onde se deberá describir detalladamente o sistema de avaliación empregado para medir os resultados ou os logros (cualitativos e cuantitativos) na execución do proxecto (Máximo 15 liñas)

Explicación de como se fixo a difusión e visibilidade do proxecto. É obrigatorio xuntar á memoria unha reportaxe fotográfica ou audiovisual que reflicta o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra dos carteis empregados. Ademais, indicaranse as páxinas web e/ou redes sociais utilizadas para a súa difusión pública; e, de ser o caso, achegarase a referencia das aparicións do proxecto nos medios de comunicación social.

Persoa de contacto para realizar consultas sobre a presente xustificación

Nome
Apelidos
Función que desenvolve
Enderezo electrónico
Teléfono

ACTIVIDADES DESENVOLTAS NO PROXECTO. Se o desenvolvemento do proxecto conlevou a execución de varias actividades, cubrir o seguinte esquema para cada unha delas.

<p>NOME DA ACTIVIDADE: OBXECTIVO DA ACTIVIDADE (Máximo 5 liñas) DESCRIBIR O QUE SE FIXO (Máximo 15 liñas) PERSOAS DESTINATARIAS EXCLUSIVAMENTE DA ACTIVIDADE. Establecendo dous apartados: persoas inmigrantes e persoas retornadas, o seu numero, idades, sexo e país de procedencia. LUGAR DE REALIZACIÓN: DATAS (Indicar meses/días nos que comezou e rematou a actividade, e/ou número de horas se procede):</p>
--

**ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN E EXECUCIÓN:
RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DA
ACTIVIDADE:**

En cumprimento do disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos persoais recollidos na presente Declaración e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ao Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2022, Bases de Execución do Orzamento para o ano 2022. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE número 276, do 18 de novembro); o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento (BOE número 176, do 25 de xullo); e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG número 121, do 25 de xuño); e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

**ANEXO III
XUSTIFICACIÓN XERAL DA SUBVENCIÓN**

D. como representante legal de:
Entidade beneficiaria:
NIF:

CERTIFICO:

1º.- Que o programa para o que se concedeu a subvención, e que a continuación se detalla, foi realizado:

- Na súa totalidade
- Parcialmente

Actividade ou programa:

Datas de realización:

Importe do Proxecto:

Importe da subvención concedida:

2º.-Que os gastos xerados na/s actividade/s concreta/s do programa/s subvencionado/s son os seguintes:

CONCEPTO	NÚMERO DE FACTURA	DATA DE EXPEDICIÓN	PROVEEDOR/A OU EMISOR/A	NIF PROVEEDOR/A OU EMISOR/A	DATA DE PAGAMENTO	FORMA DE PAGAMENTO	IMPORTE EN €

RELACIÓN DE FACTURAS

(1) Concepto: Conceptos establecidos no Orzamento desagregado presentado pola Entidade, á sinatura do convenio, segundo o ANEXO I.

(2)Forma de pagamento: Cheque, Transferencia, Efectivo.

3º.-**DECLARO** que a relación de **NÓMINAS/RETRIBUCIÓN**s das persoas traballadoras destinadas a desenvolver a actividade/programa do convenio asinado co Concello de Santiago para o ano 2022, que se presentan para a xustificación son as seguintes:

DATA NÓMINA	NOME TRABALLADOR/A	% DA XORNADA LABORAL APLICABLE AO PROXECTO	IMPORTE NÓMINA APLICABLE AO PROXECTO*	IMPORTE SEGURIDADE SOCIAL APLICABLE AO PROXECTO	DATA DE PAGO NÓMINA	FORMA DE PAGO	IMPORTE SEGUR. SOCIAL APLICABLE AO PROXECTO	DATA PAGO SEGURIDA DE SOCIAL	FORMA PAGO SEGUR. SOCIAL

*Importes vinculados ao % da xornada laboral que se detallou, no caso de non aplicarlle a este Convenio o 100% da xornada

4º.- Que os restantes gastos xerados pola actividade subvencionada foron financiados con cargo a

5º.- Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas esta Entidade:

Non ten concedida ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicitou esta subvención.

Ten solicitadas e/ou concedidas outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicitou esta subvención doutras administracións públicas competentes, entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, que son os que a continuación se relacionan:

ORGANISMO/S	S/C/P (1)	IMPORTE€ (2)	% (3)	DISPOSICIÓN REGULADORA (4)

(1)Indíquese o que corresponda S (solicitada), C (concedida), P (percibida) (2)Importe total da axuda solicitada/concedida/percibida procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

(3) Porcentaxe de axuda sobre o custe total.

(4) Indíquese nome da Administración/Entidade pública concedente e data da resolución

6º.-Da liquidación de ingresos e gastos se deriva que respecto do programa ou actividade realizada, cúmprese o disposto no artigo 31.1 da LXS, o importe dos ingresos e subvencións concedidas non supera o importe total dos gastos devengados, sendo destinadas todas as achegas á actividade subvencionada.

En cumprimento do disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos persoais recollidos na presente Declaración e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ao Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2022, Bases de Execución do Orzamento para o ano 2022. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE número 276, do 18 de novembro); o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento (BOE número 176, do 25 de xullo); e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG número 121, do 25 de xuño); e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SINATURA DA PERSOA RESPONSABLE

ANEXO IV

DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE PUBLICIDADE RESPECTO DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO DO PROGRAMA/ACTIVIDADE

DATOS DA ENTIDADE

NOME OU RAZÓN SOCIAL

NIF

ENDEREZO

LOCALIDADE

TFNO/S

CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME E APELIDOS

NIF

EN CALIDADE DE

DECLARO ter dado a adecuada publicidade do carácter público do financiamento do programa/actividade subvencionada

obxecto do convenio, , de conformidade co establecido no convenio, en cumprimento do disposto na normativa reguladora das subvencións.

A tal efecto achegase coa memoria se procede reportaxe fotográfica e/ou audiovisual que reflicte o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra dos carteis empregados.

Apórtanse como soportes documentais se procede (carteis, folletos, enquisas, captura de pantalla páxinas web, fotografías ou outra documentación elaborada ad hoc) xustificativos o/s seguinte/s:

- Indícanse as páxinas web e/ou redes sociais utilizadas para a súa difusión pública e, de ser o caso, referencia das aparicións do proxecto nos medios de comunicación social.
